

**ASOCIACIÓN XUVENIL XENTENOVA**  
**ESTATUTOS**  
Setembro de 2011

## CAPÍTULO I

### **DENOMINACIÓN, FINS, ACTIVIDADES, DOMICILIO E ÁMBITO**

#### **Artigo 1.- Denominación**

Coa denominación de **Asociación Xuvenil XentenoVA** constitúese unha entidade sen ánimo de lucro ó amparo do artigo 22 da Constitución Española, que se rexerá polo Real Decreto 397/88 do 22 de abril e a Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación e normas concordantes, as que en cada momento lles sexan aplicables e polos Estatutos vixentes.

#### **Artigo 2.- Ámbito temporal**

Esta Asociación Xuvenil constitúese no ano 1985 por un tempo indefinido.

#### **Artigo 3.- Fins**

A Asociación ten como finalidade xeral a de contribuír no tempo libre á educación e á promoción integral de nenas e nenos, adolescentes e mozas e mozos.

Segundo isto, os seus fins son:

- Prestar todo tipo de servizos educativos e sociais ás nenas/os e mozas/os do noso ámbito de actuación, de acordo coas súas necesidades e intereses.
- Desenvolver proxectos de animación xuvenil e intervención socio-educativa que promovan o protagonismo xuvenil, o acompañamento persoal das mozas e mozos e a transformación da realidade.
- Ofrecer espazos e locais de encontro, acollida, xogo e outro tipo de actividades recreativas, culturais e formativas para as nenas/os e mozas/os da zona.

- Desenvolver iniciativas e grupos de educación en valores e programas de sensibilización social que promovan unha cultura da solidariedade e do compromiso pola xustiza, a defensa dos dereitos humanos, a paz e a interculturalidade na nosa sociedade e no mundo.
- Formar ós membros da Asociación, e a outras persoas interesadas, no eido da animación, no compromiso social e na educación no tempo libre.
- Facilitar a inserción social e laboral das mozas e mozos.
- Facilitar a escolarización de nenas/os e mozas/os con dificultades sociais ou económicas a través de iniciativas de apoio extraescolar.
- Fomentar o voluntariado social e educativo xuvenil e a formación específica do mesmo.
- Organizar ou facilitar a participación das mozas e mozos en proxectos de cooperación internacional para o desenvolvemento.
- Promover entre a mocidade a educación para a saúde, a educación medioambiental e a educación vial.
- Promover a actividade deportiva, especialmente entre a xuventude.
- Promover o asociacionismo xuvenil e a participación social e política da xuventude.
- Facilitar a participación nos programas comunitarios de circulación de mozas/os e o intercambio de voluntarios entre os países da Unión Europea.
- Promover a ampliación e mellora da información xuvenil.
- Mellorar e protexer a imaxe das mozas e mozos nos medios de comunicación.
- Promover proxectos que incidan na superación das causas que xeran a exclusión social, especialmente entre a mocidade: a desestruturación familiar, o fracaso escolar, o rexeitamento das minorías étnicas e inmigrantes, o paro e a explotación laboral, a discriminación da muller, as experiencias alienantes do tempo libre como o abuso do alcol e as drogas, os malos tratos, os abusos sexuais, a intolerancia e o racismo, a violación dos dereitos humanos.
- Promover outra serie de proxectos que teñan como destinatarias as familias e outros adultos cunha responsabilidade específica coas nenas/os e mozas/os para apoialos na súa tarefa educativa.
- Responsabilizar ás mozas e mozos do seu propio desenvolvemento.
- Colaborar e promocionar actividades conxuntas con outras asociacións da cidade, posibilitando a creación de redes sociais, etc.
- Promover a lingua e a cultura galegas.
- Promover o achegamento das mozas e mozos ás novas tecnoloxías da información e contribuír á difusión da mesma facendo especial fincapé na difusión do software libre.

#### **Artigo 4.- Actividades**

Para o cumprimento destes fins poderanse realizar as seguintes actividades:

- Actividades formativas e informativas de todo tipo, encamiñadas á consecución dos fins anteriormente sinalados.
- Actividades de tempo libre dirixidas a nenas/as e mozas/os: obradoiros, ludotecas e salas de xogos, campamentos de verán, teatro, música, excursións, festas e calquera outro tipo de actividade educativa no tempo libre.
- Actividades de formación e sensibilización en valores como campañas, exposicións, semanas temáticas, publicación de revistas ou follas informativas, charlas, cursiños.
- Actividades deportivas e de formación neste eido.
- Actividades de educación medioambiental, educación para a saúde e educación vial.
- Actividades de carácter social e intervención educativa con menores en dificultade, minorías étnicas e inmigrantes.
- Actividades dirixidas á promoción da inserción social e laboral das mozas e mozos.
- Actividades de promoción e formación do voluntariado educativo e social.
- Actividades encamiñadas á promoción social e laboral da muller.
- Actividades de cooperación internacional ó desenvolvemento.
- Grupos formativos de educación en valores para nenas/os e mozas/os.
- Actividades dirixidas ás familias como escolas de pais e nais e outras iniciativas formativas ou lúdicas relacionadas cos mozos e mozas.
- Apertura de locais para a xuventude.
- Todas aquelas que favorezan o desenvolvemento persoal dos membros da asociación na vida social e comunitaria.
- Calquera outra actividade que se vexa oportuna para desenvolver algún dos fins anteriormente sinalados.

#### **Artigo 5.- Domicilio e Ámbito**

A Asociación Xuvenil Xentenova establece o seu domicilio social en Vigo, na provincia de Pontevedra, na rúa **1º Travesía de Couto San Honorato Nº3, baixo, C.P.: 36.204.**

O seu ámbito de actuación é fundamentalmente local e provincial. En coordinación con outras asociacións poderá levar a cabo outras actividades de ámbito autonómico, estatal ou internacional.

## CAPÍTULO II

### AS PERSOAS ASOCIADAS

#### Artigo 6.- Requisitos para asociarse

Poderán pertencer á asociación aquelas persoas físicas maiores de 15 anos e menores de 30 que teñan interese no desenvolvemento dos fins da asociación e así o soliciten.

#### Artigo 7.- Clases de persoas asociadas

Dentro da asociación existirán as seguintes clases de persoas asociadas:

- a) **Fundadoras**, que serán aquelas que participaron no acto de constitución da Asociación.
- b) **Numerarias**, que serán os que ingresaron despois da constitución da Asociación, para as que se establecen dúas categorías:
  - **Numerarias Ordinarias**: Aquelas que asistiron a máis de dúas Asembleas Xerais.
  - **Numerarias Noveles**: Aquelas que aínda non asistiron a dúas Asembleas Xerais.
- c) **Honorarias**, aquelas persoas que polo seu prestixio ou por ter contribuído de xeito relevante ós fins da Asociación, se fagan acreedoras de tal distinción. O nomeamento das socias e socios de honra corresponderá á Xunta Coordinadora. Estarán exentos do pago de cotas.
- d) **Benefactoras**, serán aquelas que apoiem económica ou loxisticamente á Asociación no desenvolvemento das súas actividades.

#### Artigo 8.- Causas de perda da condición de asociada ou asociado

Perderase a condición de persoa asociada por algunha das causas seguintes:

- a) Por acadar a idade de 30 anos, podendo pasar a situación de socia/o de honra.
- b) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Coordinadora.
- c) Por incumprimento das súas obrigas económicas, se deixara de satisfacer cotas periódicas.
- d) Por conduta incorrecta, por desprestixiar á Asociación con feitos ou palabras que perturben gravemente os actos organizados pola mesma e a normal convivencia entre as persoas asociadas.

Nos supostos de sanción e separación das asociadas/os, informarase en todo caso á persoa afectada dos feitos que poidan dar lugar a tales medidas, e escoitaráselle previamente, debendo ser motivado o acordo que, en tal sentido, se adopte.

### **Artigo 9.- Acordos de admisión e expulsión das persoas asociadas**

Os acordos de admisión e expulsión das persoas asociadas serán tomados pola Xunta Coordinadora, escoitado o parecer da persoa interesada e previa consulta coa Asemblea no referente ás expulsións.

### **Artigo 10.- Dereitos das persoas asociadas**

As persoas asociadas **Numerarias Ordinarias** e **Fundadoras** terán os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación.
- b) Exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral.
- c) Participar nos beneficios que a entidade conceda ós socios e ás socias, na forma que dispoña a Xunta Coordinadora.
- d) Ser informadas acerca da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade; así como ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos coordinadores.
- e) Posuír un exemplar destes Estatutos, do Regulamento de Réxime Interno da asociación, da programación ou proxecto educativo correspondente, unha breve memoria da historia da entidade e do seu carné; así como poder acceder a todo o material que favoreza o seu asociacionismo.
- f) Recorrer á Xunta Coordinadora cando consideren que os seus dereitos teñen sido vulnerados.
- g) Ser escoitada con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra ela.
- h) Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.
- i) Facer suxestións ós membros da Xunta Coordinadora en orde ó mellor cumprimento dos fins da Asociación.

As persoas asociadas **Numerarias Noveles, Honorarias** e as **Benefactoras** terán os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da Asociación.
- b) Asistir á Asemblea Xeral con voz pero sen voto.
- c) Participar nos beneficios que a entidade conceda ós socios e ás socias, na forma que dispoña a Xunta Coordinadora.
- d) Ser informadas acerca da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade; así como ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos coordinadores.
- e) Posuír un exemplar destes Estatutos, do Regulamento de Réxime Interno da asociación, da programación ou proxecto educativo correspondente, unha breve memoria da historia da entidade e do seu carné; así como poder acceder a todo o material que favoreza o seu asociacionismo.

- f) Recorrer á Xunta Coordinadora cando consideren que os seus dereitos teñen sido vulnerados.
- g) Ser escoitada con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra ela.
- h) Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.
- i) Facer suxestións ós membros da Xunta Coordinadora en orde ó mellor cumprimento dos fins da Asociación.

#### **Artigo 11.- Deberes das persoas asociadas**

As persoas asociadas terán as seguintes obrigas:

- a) Ser fiel ás finalidades da Asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- b) Pagar as cotas e outras aportacións que, de acordo cos Estatutos, poidan corresponder a cada persoa asociada, salvo ás de honra e as fundadoras.
- c) Cumprir o resto de obrigas que resulten das disposicións estatutarias.
- d) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da Asociación.
- e) Aceptar o ideario educativo da Asociación.

## **CAPÍTULO III ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

#### **Artigo 12.- Órganos de goberno e representación da Asociación**

Os órganos de goberno e representación da Asociación son, respectivamente, a Asemblea Xeral e a Xunta Coordinadora.

### **A ASEMBLEA XERAL**

#### **Artigo 13.- Natureza**

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada pola Xunta Coordinadora e por todas as demais persoas asociadas que poden participar na mesma de xeito directo ou a través de representantes ou compromisarios, segundo o procedemento que se estableza no Regulamento de Réxime Interno. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Coordinadora.

#### **Artigo 14.- Reunións**

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. As ordinarias celebraranse como mínimo unha vez ó ano e as extraordinarias tantas veces o solicite a Xunta Coordinadora ou o soliciten o vinte por cento (20%) das socias e socios. Neste último caso realizarase por medio dun escrito dirixido á Presidenta/e, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, e no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

#### **Artigo 15.- Convocatorias**

As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, faranse por escrito, informando do lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria haberán de mediar polo menos quince días (15 días), podendo así mesmo facerse constar, se procedera, a data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, que ha de ser polo menos trinta minutos (30 min.) despois da primeira convocatoria.

A orde do día da Asemblea xeral será a que propoña a Xunta Coordinadora. Poderanse incluír outros temas propostos polas socias e socios, que serán comunicados para a súa inclusión cun prazo de seis días de antelación.

Por razóns de urxencia, poderanse reducir os mencionados prazos.

#### **Artigo 16.- Validez de constitución**

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representadas, polo menos a metade máis unha das persoas asociadas con dereito a voto na primeira convocatoria, ou en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

#### **Artigo 17.- Competencias da Asemblea Xeral Ordinaria**

Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar a acta da reunión anterior.
- b) Aprobar o Plan de Actividades.
- c) Examinar e aprobar a memoria de actividades.
- d) Examinar e aprobar as contas e o orzamento económico do exercicio.
- e) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- f) Aprobación das cotas.
- g) As demais que resulten dos Estatutos e que non estean expresamente atribuídas á Asemblea Xeral Extraordinaria ou á Xunta Coordinadora.
- h) Avaliar a xestión da Xunta Coordinadora.

#### **Artigo 18.- Competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria**

Serán Competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Modificar os Estatutos da Asociación.
- b) Elixir ós membros da Xunta Coordinadora.

- c) Aprobar a constitución dunha federación de asociacións ou integrarse nelas.
- d) Autorizar a disposición ou enaxenación de bens integrantes do inmovilizado.
- e) Acordar a disolución da Asociación e designar ós liquidadores.
- f) Solicitar a declaración de Asociación de Utilidade Pública.
- g) Aprobar o Regulamento de Réxime Interno da Asociación.
- h) As que sendo competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria sen grave prexuízo para a Asociación.

#### **Artigo 19.- Validez de adopción dos acordos**

Os acordos tomaranse por maioría cualificada de votos, sendo esta a que supere o cincuenta por cento (50%) dos votos emitidos, non sendo computados os votos en branco ou nulos das persoas presentes ou representadas. Se non se obtivese a maioría cualificada nunha primeira votación, farase unha segunda votación na que será abondo a maioría simple para a aprobación do acordo.

Quedan exceptuados do anterior os acordos relativos ós apartados "a" ata "g" do artigo 18, que requirirán a maioría cualificada de dous terzos (2/3) dos votos emitidos para a súa aprobación.

Os acordos adaptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso ás non asistentes.

Os acordos que vaian en contra destes Estatutos ou infrinxan os fins e identidade da Asociación poderán ser recorridos nun prazo máximo de quince días (15 días).

### **A XUNTA COORDINADORA**

#### **Artigo 20.- Natureza e composición**

A Xunta Coordinadora é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral.

Estará formada por unha Presidenta/o, unha Vicepresidenta/o, unha Secretaria/o, unha Tesoureira/o e de ser o caso, polos Vocais segundo o que estableza o Regulamento de Réxime Interno.

O seu mandato terá unha duración de dous anos (2 anos), podendo finalizar o mandato dos seus integrantes ou ser reelixidos/as para outros dous anos.

Todos estes cargos serán de carácter gratuito.

A Presidenta/e, Vicepresidenta/e e a Secretaria/o da Xunta Coordinadora serán, así mesmo, Presidenta/e, Vicepresidenta/e e Secretaria/o da Asociación e da Asemblea Xeral.



### **Artigo 21.- Procedementos para a elección e substitución de membros**

A elección dos membros da Xunta Coordinadora será por sufraxio dos socios e socias que nese momento estean en situación regular coa Asociación. A elección determínase por maioría cualificada de dous terzos (2/3) dos votos emitidos na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal fin.

En caso de ausencia ou enfermidade dalgún membro da Xunta Coordinadora, poderá ser suplido provisionalmente por outro dos compoñentes desta, previa designación por maioría dos seus membros, salvo no caso da Presidenta/e, que será substituído pola Vicepresidenta/e.

Os membros da Xunta Coordinadora cesarán:

- a) Por transcurso do período dos seus mandatos.
- b) Por renuncia expresa.
- c) Por acordo da Asemblea Xeral.

### **Artigo 22.- Reunións e validez de constitución e adopción de acordos**

A Xunta Coordinadora reunirse polo menos unha vez ó mes, previa convocatoria e debendo mediar polo menos tres días (3 días) entre esta e a súa celebración, e cantas veces o estime convinte a súa Presidenta/e ou polo menos unha terceira parte (1/3) dos seus membros.

Quedarán constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría simple de votos. En caso de empate, será de calidade o voto da Presidenta/e ou de alguén que faga as súas veces, sempre que a decisión sexa urxente e seguindo o establecido a tal efecto no Regulamento de Réxime Interno da Asociación.

### **Artigo 23.- Facultades da Xunta Coordinadora**

Son facultades da Xunta Coordinadora:

- a) Confeccionar o plan de actividades educativas e sociais da Asociación, levar a xestión económica e administrativa da mesma, e calquera outro acto propio das finalidades da Asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.
- b) Levar a cabo os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Elaborar e someter á aprobación da Asemblea Xeral os orzamentos anuais e as contas.
- d) Elaborar, no seu caso, o Regulamento de Réxime Interno, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- e) Resolver sobre a admisión de novos asociados ou sobre a perda da condición de asociado de acordo co artigo 8 e o artigo 9 destes Estatutos.
- f) Ser garantía da identidade da Asociación.
- g) Designar as comisións de traballo, seccións ou grupos de reflexión que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación.
- h) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral.

#### **Artigo 24.- Comisión xestora**

Para facer un seguimento dos asuntos ordinarios e tomar decisións de urxencia, a Xunta Coordinadora poderá delegar funcións, se así o estima oportuno, nun grupo máis pequeno ou comisión executiva que se reúna con máis frecuencia.

### **OS CARGOS UNIPERSOAIS**

#### **Artigo 25.- A Presidenta ou Presidente**

A Presidenta/e terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados e ostentar a dirección da Asociación velando polo cumprimento dos seus fins estatutarios.
- b) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Coordinadora.
- c) Dirixir as deliberacións dunha e doutra.
- d) Ordenar os pagos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.
- e) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, resulte necesaria ou convinte para o desenvolvemento das súas actividades, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Coordinadora.

#### **Artigo 26.- A Vicepresidenta ou Vicepresidente**

A Vicepresidenta/e substituirá á Presidenta/e en ausencia desta, motivada por enfermidade ou calquera outro motivo, e terá as mesmas atribucións que ela ou el. A Presidenta/e poderá delegar nela ou nel tamén algunhas das súas funcións se o estima oportuno.

#### **Artigo 27.- A Secretaria ou Secretario**

A Secretaria/o terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os ficheiros e as obrigas documentais da entidade, remitindo no seu caso, as comunicacións á Administración ou a outras entidades, cos requisitos pertinentes.

#### **Artigo 28.- A Tesoureira ou Tesoureiro**

A Tesoureira/o recadará os ingresos e as cotas da Asociación, custodiará os fondos pertencentes á mesma e autorizará, xunto coa Presidenta/e, as ordes de pago. Ó mesmo tempo é o encargado da contabilidade e do cumprimento das obrigas legais e preparará as contas e orzamentos da Asociación para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.

#### **Artigo 29.- Os Vocais representantes dun sector de actuación**

Os Vocais, no caso de existir, terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Coordinadora, así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

Son nexo entre os socios da súa área e a Xunta Coordinadora, levando a esta as súas propostas e comunicándolle as decisións tomadas pola mesma.

## CAPÍTULO IV

### RÉXIME DE FINANCIACIÓN, CONTABILIDADE E DOCUMENTACIÓN

#### **Artigo 30.- Obrigas documentais e contables**

A Asociación disporá dunha relación actualizada das persoas asociadas. Así mesmo, levará unha contabilidade onde quedará reflectida a imaxe fiel do patrimonio, os resultados, a situación financeira da entidade e as actividades realizadas. Tamén disporá dun inventario actualizado dos seus bens.

Nun libro de Actas, figurarán as correspondentes ás reunións que celebren os seus órganos de goberno e representación.

#### **Artigo 31.- Recursos económicos**

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de entrada, periódicas e extraordinarias.
- b) As subvencións ou donativos que lle poidan conceder os órganos da Administración Pública, entidades privadas ou particulares, etc.
- c) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das súas actividades.
- d) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para entidades non lucrativas.

#### **Artigo 32.- Patrimonio inicial e Exercicio económico**

O patrimonio inicial da entidade no momento da súa fundación é inexistente.

Anualmente e con referencia ó último exercicio económico, que coincidirá co 31 de Decembro, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria para a súa aprobación pola Asemblea Xeral Ordinaria durante o primeiro trimestre do ano.

A Asemblea Xeral Ordinaria deberá aprobar tamén o orzamento anual.

#### **Artigo 33.- Disposición de fondos**

Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta da Presidenta/e, como representante legal, e da Tesoureira/o.

## CAPÍTULO V

### O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

#### **Artigo 34.- O Regulamento de Réxime Interno**

O Regulamento de Réxime Interno, de ser o caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos.

## CAPÍTULO VI

### MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

#### **Artigo 35.- Modificación de Estatutos**

Os presentes Estatutos poderán ser modificados á proposta da Xunta Coordinadora ou da metade dos socios e socias. A tal efecto convocarase unha Asemblea Extraordinaria e poranse a disposición dos socios e socias o texto coas modificacións propostas dando un prazo de quince días (15 días) para que calquera persoa asociada poida dirixir á Secretaría as emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de sete días (7 días) á realización da mesma.

Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario a maioría cualificada de dous terzos (2/3) dos membros da Asemblea Xeral de socios e socias.

#### **Artigo 36.- Acordo de disolución**

A Asociación poderase disolver:

- a) Por vontade das persoas asociadas expresada mediante acordo da Asemblea Xeral.
- b) Por imposibilidade de cumprir cos fins previstos nos Estatutos apreciada por acordo da Asemblea Xeral.
- c) Por sentenza xudicial firme ou outras causas determinadas legalmente.

O acordo de disolución adoptarase pola Asemblea Xeral, convocada a tal efecto, por maioría cualificada de dous terzos (2/3) das persoas asociadas.

#### **Artigo 37.- Comisión liquidadora**

No caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora formada pola Presidenta/e, a Tesoureira/o e tres socios máis, quen, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobrance líquido, o destinarán a unha asociación ou entidade sen ánimo de lucro que comparta, na medida do posible, os fins da entidade.

Os bens adquiridos pola Asociación, no caso de disolución, non poden ser repartidos entre as persoas asociadas, senón que serán entregados á asociación ou entidade sen ánimo de lucro elixida.

Os liquidadores terán as funcións que establecen os apartados 3 e 4 do artigo 18 da Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito da Asociación, e as disposicións complementarias.

En Vigo, a 16 de Setembro de 2011.

Don, Sergio Gómez Graña con DNI 53.182.671-R, na súa calidade de Secretario da Asociación Xuvenil Xentenova fai constar que os ditos estatutos foron modificados en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 16 de Setembro de 2011 para cumprir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da lei orgánica 1/2002, de 22 de Marzo, reguladora do dereito de asociación.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino en

Vigo, a 13 de Outubro de 2011

Asinado:

O Secretario